

DOMINGO

11

SETEMBRO 2016
11.30 e 13.00 h



ZAPATOS

CARAMUXO TEATRO (Galicia)
Duración: 35 minutos

Que pasa con todos esos zapatos que xa ninguén usa?

Todos os días, chegan a un recuncho dun agochado xardín fantásticas historias, as vivencias que traen consigo unha morea de zapatos de todos os tamaños e cores. Unha rapaza é a encargada de coidalos e de lles dar a benvida ao lugar onde vivirán para sempre; un lugar onde poder compartir emocións coas belas bailarinas, con Pequecho e os seus irmáns, cos namorados, co sol, con centos de compañeiros que teñen moito que contarnos.

“Zapatos” narra todas esas historias que levan dentro os zapatos que xa non teñen dono.

Espectáculo recomendado pola “Red Nacional de Teatros” e mención especial do xurado na XXVI Mostra Internacional de Titelles de la Vall d’Albaida.

Autor, adaptación e dirección: Juan Rodríguez
Intérprete: Laura Sarasola

VENDA DE ENTRADAS E ABONOS

- Entrada: **6€**
 - Abono de 3 familiar: **15€** (inclúe como mínimo unha persoa adulta e un menor)
 - Menores de tres anos: **2€**
- Capacidade reducida

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE

De luns a venres, agás festivos,
de 9.30 a 13.00 e de 16.30 a 19.30 h

DESPACHO DE BILLETES DE ÁGORA

Aberto só os días de función, desde unha hora antes
(só se quedan entradas dispoñibles)

TELEVENDA: 902 044 226

(De luns a venres de 9.00 a 22.00 h, sábados de 14.00 a 22.00 h e domingos de 16.00 a 21.00 h)
www.ticketea.com



+ info www.coruna.es/cultura

Podes seguir a programación cultural do concello en facebook:
www.facebook.com/CulturaCoruna



BOB
escena
PROGRAMA DO OUTONO DE 2016



Espectáculos para público de 1 a 3 anos



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais

galicia



XUNTA
DE GALICIA

GADIS

DOMINGO

25

SETEMBRO 2016
11.30 e 13.00 h



4 TEMPOS

TEATRO DO MIOLO PRODUCCIÓN (Galicia)
Duración: 32 minutos

Poética e divertida viaxe escénica a través das distintas estacións do ano. Espectáculo pensado para as e os máis pequenos, a través de elementos moi sinxelos, para que participen nos grandes cambios e transformacións que se producen no inverno, outono, primavera e verán.

Autora e intérprete: Iria Acevedo
Manipulación: Guillermo Canelo
Banda sonora: Miguel Granero

DOMINGO

16

OUTUBRO 2016
11.30 e 13.00 h



O COMENOITES

SUEÑOS DE HUMO (Madrid)
Duración: 35 minutos

O Comenoites é un trasto regordíño encantado de comer a noite para que o sol poida saír outra vez e traerlles luz, calor e color a todos/as. Un día, a lúa coméntalle que está demasiado gordo e o *Comenoites* deixa de comer. Cal é o problema? Pois que se o *Comenoites* non come a noite, o frío e a escuridade reinarán para sempre na terra e o sol non volverá saír nunca.

Volverá o *Comenoites* comer algún día e entón volverá o sol? Unha bonita historia coa que as nenas e nenos descubrirán o segredo de por que existen o día e a noite.

O Comenoites baseado nun conto infantil, escrito e ilustrado por Ana Juan
Intérprete e director: Gustavo del Río

DOMINGO

30

OUTUBRO 2016
11.30 e 13.00 h



RÍO DE LA LUNA

DATEDANZA (Granada)
Duración: 37 minutos

Un espectáculo de danza cargado de enerxía positiva, que vai medrando coma a vida dun río, traduce en movemento a evolución dun bebé, como nace, gatea, ponse en pé, descobre a natureza e danza con ela. Investiga nos recursos comunicativos que temos os seres humanos cando vimos ao mundo. Escenificará o achegamento entre as persoas, o desenvolvemento dun bebé e a complicidade e capacidade de diálogo que posúen entre eles mesmos e súas nais. O nacemento, como se desenvolven as súas primeiras experiencias coa contorna. Como se miran e como miran os outros, como senten a luz, os obxectos, a auga, o movemento.

Mellor Espectáculo de Danza para a Infancia FETEN 2011
Bailaríns: Iván Montardit e Rosa María Herrador
Dirección: Omar Meza
Música orixinal: Jesús Fernández

DOMINGO

6

NOVEMBRO 2016
11.30 e 13.00 h



SIN PALABRAS (SE LAS LLEVÓ EL AIRE...)

LaSal (Granada)
Duración: 35 minutos

Están aí, durmindo tranquilas, coma se nada puidese nin alteralas. Pero chega o aire sen avisar, sen preguntar, sen parar, tocando todo o que atopa ao seu paso. Entón, unha delas deixa que empurre o seu corpo e mova as súas mans. E baila por primeira vez. A outra deixa que entre nos seus pulmóns e escoita os sons que saen da súa boca. E canta por primeira vez. Aos poucos, descobren o aire: o que nos envolve, empúrranos, acaríñanos e ocupa o baleiro que deixamos. O aire que alborota o pelo, que seca a roupa ou que se coa polas rañuras para ouvear a súa presenza. Contan sen necesidade de falaren. Quedaron sen palabras ou quizais llelas levou o aire?

Premio Mellor Espectáculo para a Primera Infancia FETEN 2016
Dramaturxia e dirección: Julia Ruiz Carazo
Actriz-cantante: Inma González. **Actriz-bailarina:** Eva Castillo
Música orixinal: Daniel Maldonado (Sam)

DOMINGO

27

NOVEMBRO 2016
11.30 e 13.00 h



OLAS

TELONCILLO (VALLADOLID)
Duración: 35 minutos

Chloe adora a auga e cada día asómase ao seu patio para xogar coas pingas de orballo, para pisar as pozas se choveu. O patio de Chloe é moi particular... Se pechas os ollos e o desexas, quizais poidas ver o mar e, en divertidas "ondas", os seus habitantes saudar.

Convidámosvos a pasardes un intre moi sensorial, con sons acuáticos, maxia, luz, música e cancións en directo. Todo iso encamiñado a xogar coas pingas, coa choiva, coa auga, co mar, cos peixes, coas ondas...

De novo, a poesía convértese en canción, cun tema central: a auga, e cun espazo moi particular: o patio de Chloe.

Finalistas XVIII Premios MAX das Artes Escénicas 2015
Premio Nacional de Artes Escénicas para a Infancia e a Xuventude 2013
Idea, guión e interpretación: Ana Gallego e Ángel Sánchez

DOMINGO

11

DECEMBRO 2016
11.30 e 13.00 h



DE AGUA Y BARRO

QUASAR (SANTANDER)
Duración: 30 minutos

Nada. Ao principio, nada.

Aos poucos,

aos poucos.

Todo naceu,

todo medrou.

O ceo, os mares, a terra e EU.

Trátase dun retorno á natureza, un espectáculo sensorial baseado nas posibilidades plásticas do corpo humano e nos distintos materiais e obxectos do mundo. A través da luz, o son e a cor, o público descobre un abano de percepcións para viaxar cos sentidos.

Dirección, creación e intérprete: Mónica González Megolla